

## Rosalía de Castro como punto de referencia ideolóxico-literario nas escritoras galegas

**Kathleen N. March**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

MARCH, KATHLEEN N. (2012 [1986]). “Rosalía de Castro como punto de referencia ideolóxico-literario nas escritoras galegas”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (I). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 283-292. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1679>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

MARCH, KATHLEEN L. (1986). “Rosalía de Castro como punto de referencia ideolóxico-literario nas escritoras galegas”. En *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (I). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela, 283-292.

\* Edición dispoñíbel desde o 12 de xaneiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## ROSALÍA DE CASTRO COMO PUNTO DE REFERENCIA IDEOLÓXICO-LITERARIO NAS ESCRITORAS GALEGAS

KATHLEEN N. MARCH

University of Maine

Na posguerra española agroman unhas poetas galegas nas que Rosalía de Castro funciona como un dos seus puntos de referencia estética, ideolóxica e de autodefinición. Proponse facer aquí unha incursión parcial na obra disas escritoras para a que basearémonos nos temas rosaliáns no tocantes aos motivos que inspira, á interpretación que se lles da e máis algunhas das suas orixes teóricas pertencentes ao contexto da Galiza. As poetas se configuran como un grupo que comeza a publicar arredor dos anos 40 e que segue a facelo hoxe. Forman un contraste apreciable con o outro grupo de escritoras que, en termos xerais, empezará a xurdir a partires do 75, contraste no feito de que nista promoción recente a figura de Rosalía atópase con moita máis dificultade. Ao mesmo tempo, será-nos preciso reparar no xurdimento moi recente dun grupo de críticos que, dunha perspectiva ou outra, rexeitan o xa dito e repetido sobor dunha Rosalía tradicional e propoñen dados sustanciáis na sua contra.

Precisamente para os nosos propósitos, interesa ver cómo as mulleres teñen tratado á “precursora” (1) nas suas criacións porque nelas unha certa conceptualización do feminino ten moita importancia. Alén diso, non hai que esquecer que aínda non é doado ser muller en Galiza, a xulgar por estudos como os de Queizán e Barro (2) e revistas como *Andaina* e *Festa da palabra silenciada*. Xa que logo, difícil tamén é ser escritora; por iso é que desde a perspectiva común de muller-criadora, persoa en principio obrigada a sofrer unha loita, coidaríamos atopar algúns comentarios significantes encol de Rosalía.

Nunha primeira revisión da obra poética femenina feita por galegas, temos identificado poemas de Pura Vázquez, Xohana Torres, María do Carme Kruckenberg, Anxeles Penas, Xaquina Trillo e Luz Pozo Garza nos que hai algún xeito de referencia a Rosalía. Julieta Gómez Paz tamén o fai, pero fica á marxe por escribir en castelán.

---

(1) Hai algúns críticos que non admiten iste termo, mais preferímolos simplemente para indicar unha figura importante que viveu anteriormente e que pode estar presente na formación de poetas posteriores. Cfr. Pilar García Negro, “A orixinalidade de Rosalía”, en *Rosalía de Castro. Unha obra non asumida*, Sada, A Coruña, Edicións Xistral, 1985.

(2) María Xosé Queizán, *A muller en Galiza*, Sada, A Coruña, Edicións do Castro, 1977; Teresa Barro, *Cartas a Rosalía*, Sada, A Coruña, Edicións do Castro, 1978.

Tampouco incluímos a Helena Villar, porque *O sangue na paisaxe*, con unha referencia a Rosalía, é de autoría compartida con Xesús Rábade (3).

É cecáis sorprendente que a poesía que analizamos, no que se refire á persoa de Rosalía, non contradiz á crítica tradicional: aínda que sen precisións directas, os poemas atopados aluden ao seu sofrimento, compasión, bondade, ao seu amor polos humanos e pola natureza —cualidades que adoitan ter un achegamento psicolóxico-existencial e que son fundamentais para interpretar o que ela chega a simbolizar—. Nembargantes, hai que sobrancear que, no fondo, atribúí-se unha polisemia contradictoria ao signo rosalián, que ameixo a o positivo e mai-lo negativo. E amor ou ledicia, pero tamén é tristura, soedade, perda. E símbolo dun estado de ánimo fixo. Non acreditamos ter identificado nengún intento de retratar unha Rosalía crítica do seu entorno, ou activa, é dicir, como loitadora ou resistente. Nun só caso de aparente protesta ísta adscrévese a unha sombra, polo tanto non ten realización posíbel o cambio social. Atopámolo nun poema de Pura Vázquez de *Maturidade*, libro publicado no ano 55:

O vento brúa. Rouca pol-os piñales. Fuxe.  
Cai amodiño, apenas, unha chuviña: orballa.  
E o espírito pensativo de Rosalía vive,  
rebelde colle a lira, e prega, e chora, e canta... (4)

Aquí Rosalía é un espírito de configuración romántica, e neste poema ela está representada como unha figura de grandes capacidades sentimentais nas que, inconscientemente, o sentimento psíquico funciona como oposto á forza dirixida cara ao cambio. Sería interesante considerar a tese de Teresa Barro, que califica o sentimento como fonte de logros humanos (5). Ista teoría é de intención feminista, aínda que atribuí á muller unha maior sentimentalidade. Non obstante, o espírito non entra en contacto con seres que puideran facer adiantar á Galiza. E dicir, mesmo neste poema de Pura Vázquez se está perante a imaxe, sí positiva, dunha muller xenerosa con os demais no senso do que lles ofrece o seu apoio moral, pero á súa vez ela é vítima dun escuro destino inevitável. Como en moitas ocasións, o concepto que se ten de Rosalía encaixa ben con certo pensamento cristián no que o sofrer ten rasgos positivos e o ser mártire é acadar unha categoría humá superior.

Defeito, os conceptos relixiosos adoitan ser perceptíbeis nas poesías compostas encol de Rosalía e podemos sinalar fontes directas nos primeiros ensaios galegos da posguerra, onde a ela se lle chama a santa ou a santiña. Pódese ler, por exemplo, o artigo de Ramón Piñeiro, “A Saudade en Rosalía”, do ano 52 (6). Nós observamos

---

(3) Somentes despóis chegamos a saber, da propia poeta, que un poema adicado a Rosalía é, efectivamente, da súa autoría. E nos mesmos días nos que se levaba a cabo o congreso, saíu do prelo un libro seu que houbera sido preciso incluír neste estudo: *Rosalía no espello*.

(4) Pura Vázquez, *Maturidade*, Centro Gallego de Buenos Aires, Ediciones Galicia, 1955.

(5) Teresa Barro, en *Festa da palabra silenciada*, Vigo, 2, marzo de 1985.

(6) Ramón Piñeiro, “A saudade en Rosalía”, *7 ensayos sobre Rosalía de Castro*, Vigo, Editorial Galaxia, 1952, pp. 97-109.

tamén que a elevación mística a que se lle someteu fixo que desde esa altura desenroláse o papel de nai universal, logo nai e patria chegan a fusionarse en símbolos do galai-co. Neste senso do símbolo, o teórico máis achegado parecería ser Rof Carballo, que expón as súas ideas no estudo psicolóxico “Rosalía, Anima Galaica” (7). Suliñemos o que ten a figura materna de pasiva: a nai se relaciona con as traxedias humás que afrixen aos semellantes (vistos como fillos); o seu amor faina sofrer, mais non loitar. A propia vida de Rosalía foi aproveitada por moitos para identificala como nai choro-rosa, mais non coidamos que a verdade histórica de certas experiencias persoais expli-que o dominio dos rasgos da dor sobre a totalidade da súa figura.

Ao traveso deste símbolo materna o do galego os (e as) poetas tamén expresan a súa propia dor e agarimo por Galiza. O perigo, enténdase ben, non fica na devoción á patria senón na súa identificación con un sentimento existencial, eterno, inserto nunha tradición filosófica precisa e baseado na visión fatalista e conservadora –sexa ou non conscente– dunha condición galega. Tal conceptualización está en ensaios e poesía ambolodous. Un exemplo sobranceiro é un poema de Luz Pozo Garza, “Preguntas a Rosalía”, publicado en *Concerto de outono* en 1981 (8). Ao comezo vai unha cita de D. García Sabell: “... a buscar a táboa de salvación para sobrevivir ao naufraxio vital”. E proveniente do artigo “Rosalía y su sombra”, do mesmo ano 52 (9). A glosa súa enceta:

Negra sombra do noso desarrimo  
no naufraxio da vida  
no territorio da orfandade  
non atopache a táboa  
senón o cadaleito.

Referencia angustiada tanto a Rosalía como a Galiza. Dista realidade Pozo Garza procura porse a salvo con a axuda da precursora: “Por negros laberintos / onde o tempo non conta / ti me levas da man / á procura da táboa / nosa” (10). Atópase arredor a ameaza de morte ou desaparición, dunha Galiza silandeira:

As aldeas pechadas  
esqueceron as verbas.  
Onde quedou a esperanza  
que percute no peito?  
Unha roda de chumbo  
vai calcinando a pedra (11).

Vemos que esta escritora asume unha tendencia do pensamento galego de longa tradición que plantexa a condición da Galiza en claves existenciáis. Entón Rosalía, ao

(7) Juan Rof Carballo, “Rosalía, ánima galaica”, 7 *ensayos sobre Rosalía de Castro*, 113-149.

(8) Luz Pozo Garza, *Concerto de outono*, Sada, A Coruña, Edicións do Castro, 1981.

(9) Domingo García Sabell, “Rosalía y su sombra”, 7 *ensayos*, 43-56.

(10) Luz Pozo Garza, “Preguntas a Rosalía”, *Concerto de outono*, p. 60.

(11) “Preguntas a Rosalía”, p. 61.

tempo que para ela é epítome do viver —e morrer— galego, como no ensaio de García Sabell, tamén retén a imaxe materna arquetípica da que fala Rof Carballo. No limiar de *Concerto de outono*, Eduardo Moreiras describe perspicazmente a relación: “Na mística de *Concerto de outono* ... a figura de Rosalía, excelsa e mitificada, xurde no ceo luminoso da poesía sobor da noite que esmaga e axionlla Galicia... Muller e nai: ísta é a ascensión idealizada de Rosalía no ceo da espritoalidade galega” (12). Afirmo Moreiras que para a autora “a saudade está nas raiceiras galegas”, indicio da importancia que lle ten o metafísico. Pozo Garza, ao identificarse con unha Rosalía dorosa, combina a vertente relixiosa con un concepto da muller dadora da vida, mais que concluí no contrario, a morte, ocasionando a aparición da saudade. De novo, máis que falar de, ou sentir, a saudade, o problema é ve-la como condición galega abstracta sen ter en conta os factores histórico-económico, causantes moi concretos dunha suposta tristeza xeral e que Rosalía non descoñecía. E interesante, entón, que as referencias ao sufrimento dela nos poemas non se decaten do que ela padecera a causa das súas ideas político-sociais (13).

Rosalía é nai non só para Pozo Garza; tenno sido tamén para Xaquina Trillo. No poema “No adro de Bastabales”, do seu libro *Ceibos* (14), o tratamento poético é completamente tradicional, de simboloxía simples; mesmo a estrutura da composición, seguindo as formas do século XIX e máis en concreto, a feita popular de *Cantares Gallegos*, fai sorprendente a data de publicación do libro: 1980. Di Trillo:

Que Ela pra Galiza foi,  
amiguiña, irmán e nai.  
Tres cousas as milloriñas  
tres cousas cóma non hai.  
Sendo nai, a primeiriña  
que nos levóu hastra a Cima,  
deixáronos coma herdabre  
ouro escrito nas súas rimas (n/p).

A marxe da valoración estética do poema, o que nos interesa é que Rosalía, como guía moral ou espiritual, é unha figura tópica que cumpre un papel triplo no cal non cabe o que non sexa rasgo feminino dentro do marco predominantemente familiar: finura, dozura, sentimento agarimoso que é apoio aos demais. Con tono de louvor e sinxel populismo, lemos que:

Coma irmán, ánemos dounos  
falándonos a modiño  
pra non morrer no camiño,  
¡os probes dos galeguños! (s/p)

(12) Eduardo Moreiras, “Limiar”, en Luz Pozo Garza, *Concerto de outono*, p. 11.

(13) Ista supresión do eido político da escritora feminina terá de ser tema das investigacións vindeiras, non só encol de Rosalía, senón tamén encol doutras mulleres que fixeran e fan crítica e escriben sobor dela.

(14) Xaquina Trillo, *Ceibos*, Lugo, Ediciones Celta, 1980.

A caridade cristiá segue a ser o modelo base neste poema que é o máis tradicional de todos os achados. Rosalía é a que axuda aos galegos a admitir con resignación o asoballamento; ista Rosalía non protesta contra a inxusticia; agüéntase cristiamente. Deixaremos cáseque sen comentar a terceira clasificación dela que di, ao describer o matrimonio Castro-Murguía:

Canto pra nós traballaron  
 El escribindo prás mentes  
 ¡Ela para o corazón  
 ¡belidos versos somentes!

Só observamos que, no eido tradicional e pre-femenista dista poesía, temos aquí outra referencia ao sentimento como rasgo da muller e rasgo tamén de Rosalía en particular. Mais nestes “belidos versos somentes” de Xaquina Trillo non se coída atopar ideas, que son máis ben para que as expresare o seu home.

E en Anxeles Penas onde a imaxe materna perde un pouco da súa proxección mítica, aínda que tamén non falla o aspecto da dor. Por certo, nas suas “Novas follas de dor pra Rosalía”, de *Galicia fondo val*, Penas presenta o achegamento máis politizado á escritora. Premiado en Betanzos no 71, é moi provábel que o poema leve as pegadas dos acontecementos de fins dos sesenta. Mais a politización hai que ollala de perto: resulta que xaz máis nos motivos e léxico do que na ideoloxía de base. E certo que Penas láia-se da condición femenina no mundo contemporáneo cheo de violencia:

E ser hoxe muller, ai Rosalía,  
 non é falar de froles e paxaros:  
 .....  
 é sabere meniños sanguíentos  
 medrados en napalm cólera morbo  
 aboiando nas praias  
 machucados na chuvia da metralla ou do desprezo  
 .....  
 E ser hoxe muller, ai Rosalía,  
 é sere nai bruando nas entranas  
 maldizóns dunha raza miserenta (15)

E aínda que ao remate da cita hai unha nota pesimista no tocantes á realidade histórica, o verdadeiro enfoque do poema é A Muller, namentras Rosalía fica como alguén que, segundo Penas, fora “na percura dun alén para a paz ou para o olvido”, e de quen se solicita a presenza para testemuñar a actualidade. Non figuran referencias claras á maternidade santificada, mais ise “alén” e mai-la descripción posterior do mundo corrompido en relación con un paradiso perdido, suxiren unha relixiosidade subxacente, expresada nos anos 60 como preocupación humanista pola civilización na que a tecnoloxía e o capitalismo poderían causar a súa destrución. Ao mesmo tempo, o sofrer non deixa de figurar como factor innato da condición femenina.

(15) Anxeles Penas, “Novas follas de dor pra Rosalía”, *Galicia fondo val*, Sada, A Coruña, Edicións do Castro, 1982.

Hai nas poetas galegas tratamentos de Rosalía nos que non é nen nai nen santa. Pode realizarse partindo da forma do seu propio nome e tamén como entidade animada. No ano 71, Pura Vázquez publica “Teu nome, Rosalía”, composición tripartita na cal de contado se observa a maduración de estilo por enriba dos poemas de *Maturidade*. Niste de *O desacougo*, o achegamento ten meirande abstracción, o símbolo é máis complexo. O nome mesmo xa é representativo do galaico, deixa atrás as conexións directas con a obra ou a persoa real, e o punto de partida poético é un conxunto de sonidos que evocan a dozura da natureza, o inefábel. Aínda ben, o seu signo principal segue a ser a soedade non obstante se retratar revestida de liberdade. Tamén vemos que iste nome, “Rosalía”, é dun marcado claroescuro anímico; arredando á que fala, cría un sentimento do ben e máis da malenconía. En Pura Vázquez é innegábel a impronta contemplativa que presenta rasgos en común con “A Saudade en Rosalía”, de Ramón Piñeiro no que se unen Rosalía e Galiza moralmente, dizindo que por ser ela muller e fidalga, era superior no sentir e na súa transmisión. Ambolodous, poeta e ensaísta, fan de Rosalía unha idealización desmaterializada. Tamén para Pura Vázquez ela está en todo, a súa presenza panteísta é impulso poético, musa que fornece inspiración (16). Iste símbolo totalizador ou destilación semántica é semellante ao que emprega Gerardo Diego nos *Anxos de Compostela*; defeito, a influencia do escritor santanderino ficou testemuñada en *Márgenes veladas*, un dos primeiros poemarios de Pura Vázquez e que leva como pósito o poema dél, “Alondra de verdad”. Diego y Vázquez coinciden tamén nos motivos ascensionais; a súa é unha poesía que parte da natureza para subir, con tono de louvanza, á unión con Deus.

No tocantes ao nome de Rosalía tamén interesa un poema de Luz Pozo Garza, mais aínda que hai unha perspectiva matizadamente espiritual, á máis acougada e por entre os elementos naturais xurde un compromiso estilizado, íntimo con Galiza. Tamén a Rosalía de Pozo Garza e de carácter coletivo, abrangue uns horizontes máis aló da muller mesma:

Hai unha voz.  
 Chámase Rosalía.  
 Sete letras de laio.  
 Saudade  
 dunha fala ferida.  
 Esperanza dun mundo  
 que inda fica nun berro  
 de libertade.  
 Hai unha voz.  
 A súa.  
 Benzoada (17).

(16) Pura Vázquez, “Teu nome, Rosalía”, *O desacougo*, Vigo, Editorial Galaxia, 1971, 33-35.

(17) “Hai unha voz”, *Concerto de outono*, pp. 51-52.

E preciso notar como, nista e outras poesías adicadas por Pozo Garza a Rosalía, hai unha predilección polo silencio como trasfondo ou elemento construtivo que permite sobrancear o signo da súa identidade. E cando estende o valeiro acústico ao conxunto da súa poesía, a autora contemporánea xa está a indicar un xeito de expresarse da voz feminina. E unha tendencia xeral das galegas que escriben a de non romper cos rasgos de agarimo herdados. Así, aínda que non analizamos as imaxes dunha Rosalía como entidade transformada, podemos anotar que ela aparece como sombra, anxo, paxaro e máis algún outro ser que adoita figurar na poesía feminina, co que se ve que as connotacións son cáseque sempre as da brandura, da intimidade ou do nonmaterial.

En resumo, segue ausente o concepto dunha Rosalía forte; a imaxe das poetas galegas non se distancia moito, ao menos nunha primeira ollada, da que lle conceden os críticos clásicos dentro e fora da Galiza. En ambos os dous grupos cremos poder identificar o uso da femeneidade pasiva como principio básico da interpretación de Rosalía e máis como perspectiva das propias escritoras que se refiren a ela.

Encanto ao estilo, entre aqueles poemas de especial calidade estarían os de Xohana Torres e Luz Pozo Garza. A primeira define a figura de Rosalía máis segundo os seus propios sentimentos que segundo os rasgos verdadeiros da precursora. Nel, opta por desfacerse da tradición de louvanza ante unha imaxe materna-patriótica para esculcar máis na súa postura persoal:

Ti és pra min a barquiña que lembra  
toda presenza de madeiras náufragas  
que vive, infinda, unha traxedia líquida  
de peiraos sen panos e sen peixes.  
Sedenta como un mar  
e no teu mar afogada (18).

Pero no resto das definicións de Torres, a lembranza de Rosalía evoca a sensación do pequeno, do tráxico, do anxeio non satisfeito. E unha saudade sen definición, existencial e donda. O acougo ven ao remate, coa morte que é descanso. A noção do tempo, do infindo, do segredo e sagrado (por certo, estes dous elementos están en Pozo Garza en poemas non rosaliáns), enfin, da nostalxia, afástase do laio pola perda de Rosalía e polos seus sofredamentos. Aínda que teña unha orientación íntima, en forma de conversa silandeira, as evocacións son abertas. Inspírase a reverencia e, se cadra, a introspección diante dunhas condicións persoais e sociais que atinxen ás mesmas poetas contemporáneas. Para elas, Rosalía convírtese en interlocutora a quen se lle contan as propias dificultades; é ouvido feminino que comprende ás mulleres galegas aínda que non se lle considere capaz de rectificar os males que padecen.

O tono dialoal de Xohana Torres é interesante porque acadan fusionadas as voces de dúas mulleres. Caladas, diríxense acarón do interior, reflexo a unha da outra até o punto de que hai unha sóa. Cando Torres di “Ti és” ou “Sedenta como un mar / e no teu mar afogada”, ou fala dunha meniña que soñara praias, o *ti* é Rosalía mais é

---

(18) Xohana Torres, *Do sulco*, Vigo, Editorial Galaxia, 1957, 17-18.



tamén a súa internalización pola contempladora, sentimento compartido nun novo estilo.

Tamén Pozo Garza emprega o diálogo, e de novo non é tanto para retratar a Rosalía como para expresar sensacións e arelas persoais:

Rosalía  
 quen me dera  
 ter nascido nunha aldea  
 do Caurel  
 a medir aqueles cumes pura liña  
 puro amor  
 solsticio do meu inverno (19)

A pesares do tono nostálxico, arelante, ista é unha Rosalía viva, compañeira e comprensiva; é a muller que predomina sobor da obra. Nun poema de María do Carme Kruckenberg, tamén atópase á poeta viva:

Sí, todo ten sentido e nome  
 cando te soño desperta.  
 Por iso cando paso por istes pobos,  
 por istes campos, por istes ceos...  
 Ti non estás morta. Ti vives  
 pra beleza dista terra, Rosalía (20).

A forza da relación diste poema xaz na intertextualidade. No feito de que na poesía rosaliá figuran termos da natureza galega. Kruckenberg fai a súa evocación deles que fixera a precursora, facendo así un chamado duplo. Nembargantes, non hai saudade do pasado; pola contra, o presente é máis profundo debido á súa vixencia nun poema de hoxe. Non obstante, os modelos tradicionais seguen a conformar o poema citado, e é curioso que Kruckenberg non adopte unha postura só denante de Rosalía ao longo da súa produción. E dicir, namentras nos versos reproducidos afirmase a súa pervivencia, como tamén se fai en outra composición do ano 49, no 73 di a escritora viguesa: "Na ialma miña / a tua voz doente, e ti... / Lonxe da morte, Rosalía" (21). O que parez indicar que a visión dela depende na súa meirande parte do seu estado anímico en vez dunha imaxe totalmente fixa, baseada nunha perspectiva unilateral ou adeprendida.

Non se pode analizar aquí todo o que há de intertextualidade entre Rosalía e as escritoras contemporáneas; simplemente apuntamos a variedade de técnicas. En Kruckenberg, a referencia é cecáis a máis directa e artéllase cos lugares xeográficos; os versos rosaliáns salientan así o que percebe o poeta da nosa época. Pozo Garza reflecte estruturas rosaliáns en versos como: "Xa non chove miudiño. / Xa non choven orballadas. / Choven negras soedades. / Chorade por Rosalía. / Chorade" (22).

(19) "Bébeda", *Concerto de outono*, p. 58.

(20) En *Festa da palabra silenciada*, 2, marzo de 1985.

(21) En *Festa da palabra silenciada*, 2, marzo de 1985.

(22) "Cantiga funeral de Padrón", *Concerto de outono*, p. 55.

A sua vez, o atoparse en Segovia, Pura Vázquez tivo a posibilidade real de facer un paralelo no libro *O desacougo* coa Rosalía que escribiera “Castellanos de Castilla”. Amáis habería de estudar certos motivos como o do cravo, que figura en Penas e Pozo Garza e é particularmente frecuente en *Canaval de ouro* de Kruckenberg. Tudo isto chegaría lonxe do tema base, polo que simplemente engadimos que algunhas das autoras, ao afastarse do concepto da precursora como persoa ou como muller, trocan o tono e motivos reverenciáis por unha contemplación máis libre e sensual aínda que sen perder todos os valores metafísicos.

Resumindo: a imaxe de Rosalía non ten significado único para as escritoras galegas de hoxe. E certo que para moitos poetas a obra dela ten sido punto de partida para respostas e reafirmacións do galego, do mundo natural, do sofrer humano, e hai unhas constantes que se repiten. Nas escritoras tamén ela suxire ou representa o feminino no que ten de fondo e paciente, a muller-mártire, e nai de colo abrigadoiro. E o que chamarían algúns ‘unha Rosalía humá’. Sen dúbida hai referencias á súa obra no que ten de sensibilidade polo pobo galego aínda que fica firme a tradición da cultura galega con a súa morriña e asoballamento eterno. E unha voz feminina que na súa coletividade é máis precisa, cecáis máis sensíbel e por iso máis variada. Pero no fondo non hai renovación ideolóxica.

A Rosalía combativa e independente que está a aparecer na nova crítica parez non tere aparecido na poesía feminina na Galiza de hoxe. Pero igual que pasa con Rosalía de Castro, non se pode analizar enteiramente a obra das escritoras galegas sen pensar no difícil contexto histórico no que se formaron. Xa se dixo que “Cada época cultural atopará en Rosalía o punto de arranque pra a súa propia interpretación da realidade espiritual de Galicia, e atopará, tamén, un exemplo conmovedor de lealdade ó seu pobo”. Agora, para que Rosalía cambie de imaxe é preciso un novo punto de arranque, con folgos para derrubar o establecido. Estase a facer poesía feminista en galego. Hai escritoras que pescudan o que é ser muller na sociedade galega. E hai ensaios encol da condición feminina. María Xosé Queizán testemuña a importancia do traballo para a muller e a pedagoga Teresa Barro mesmo diríxese á precursora para desenrolar as súas teorías sobre a explotación feminina. Decisiva tamén é a referida renovación crítica que se apoia nunha releitura completa e que bota man de dúas clases de feitos: os da perspectiva propia da muller; e os da relevancia das condicións histórico-sociais nas que viveu Rosalía. Conforme tais feitos, a “nai chorosa” érguese non con a capacidade de lairse senón con berros nada “femeninos” contra unhas condicións moi concretas. Non val entón falar de sombras, de angurias vagas e inexplicábeis, porque Rosalía tivo unha concepción máis complexa que se non debe simplificar existencialmente nen trivializar. Tamén coidamos que as escritoras novas, que en xeral non a mencionan nos poemas de revistas actuais, seica por considerala propiedade de algúns devanceiros antifeministas, poderán cambiar de impresión ao ver a revaloración que está-se a facer. A Rosalía dos poemas máis combativos, en todos os sentidos, isa sí pode ter relevancia para as de hoxe, e mesmo podería servirles de modelo feminista, o que é tan importante como o non ter que saír do pro-

prio país para atopar inspiracións criativas. Cremos que a procura da comprensión da condición feminina, xunto con a súa millora, necesariamente vai acompañar á indagación da realidade galega, e que nise proceso vai ter parte Rosalía de Castro.